

Estatutos da Asociación de Nais e Pais A Riveira do CPI As Revoltas – “ANPA A Riveira”

CAPÍTULO I DENOMINACIÓN, FINS, ENDEREZO E ÁMBITO:

Artigo 1. A *Asociación de Nais e Pais A Riveira do CPI As Revoltas*, “**ANPA A Riveira**”, ao amparo da Lei Orgánica do Dereito á Educación 8/1985 e da Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo e demais leis e disposicións complementarias, é unha entidade sen ánimo de lucro, con capacidade xurídica propia, e plena capacidade de obrar.

Artigo 2. Esta Asociación constitúese por tempo indefinido.

Artigo 3. Terá como fins os seguintes:

- a) Asistir aos pais e titores en todo o que atinxe á educación dos seus fillos.
- b) Colaborar nas actividades educativas e extraescolares do Centro.
- c) Promover a participación dos pais e titores dos alumnos na xestión do Centro.
- d) Asistir aos pais dos alumnos no exercicio do seu dereito a intervir no control e xestión do Centro.
- e) Estimular e facilitar a participación dos pais e titores dos alumnos no Consello Escolar do Centro.
- f) Estimular a participación dos pais e titores dos alumnos na programación xeral da ensinanza a través do órgano colexiado correspondente.
- g) Fomentar as relacións de cooperación do Centro con outros establecementos escolares e dos sectores sociais e culturais da contorna.
- h) Promover a plena realización do principio de gratuidade no ámbito do Centro, así como a efectiva igualdade de dereito de tódolos alumnos sen discriminación por razóns socioeconómicas, ideolóxicas, relixiosas, raza ou sexo.
- i) Requirir aos poderes públicos o cumprimento das leis, regulamentos e plans de actuación relativos á educación, prestando a atención e a axuda que esta merece.
- j) Promover actividades formativas, culturais e de estudo.
- k) Promover reunións de colaboración de pais con profesores e da boa relación entre ambos.
- l) Todos aqueles fins non recollidos nos estatutos e que sexan conformes á lei.

Artigo 4. Para o cumprimento destes fins realizaranse, loxicamente, todas aquelas actividades formativas, culturais ou de estudo necesarias; reunións con tódolos sectores da comunidade educativa e todas aquelas actividades que sexan necesarias para cumprir os fins sinalados e que sexan conformes á lei e decididas en consenso polos órganos competentes.



Artigo 5.

A) Para a realización das actividades da Asociación, farase uso dun local do Centro Escolar, facilitando o Director, a integración de ditas actividades na vida escolar, tendo en conta o normal desenvolvemento desta última.

B) Aos efectos de uso dos locais do Centro Escolar aos que se refire o apartado anterior será preciso a previa comunicación da Xunta Directiva da Asociación á Dirección do Centro.

Artigo 6. Para o mellor cumprimento dos fins da entidade, a ANPA A Riveira está integrada na Federación Provincial de ANPAs da Coruña – Costa da Morte.

Artigo 7. O ámbito da Asociación é local e establece o seu enderezo social no CPI As Revoltas de Cabana de Bergantiños, rúa A Carballa, nº 17 – Cesullas – CP: 15.115

CAPÍTULO II DOS ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN

Artigo 8. A Asociación estará representada e administrada por unha Xunta Directiva formada por:

- Presidente,
- Vicepresidente,
- Secretario,
- Administrador – Tesoureiro
- Vogais: mínimo un, máximo sete.

Todos os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos. Estes serán designados e revogados pola Asemblea Xeral Ordinaria ou Extraordinaria e o seu mandato terá unha duración de dous anos, renovándose a partir do segundo ano, cada ano a metade dos seus membros.

Artigo 9. Os membros da Xunta Directiva que esgotasen o prazo para o que fosen elixidos, continuarán ostentando os seus cargos ata o momento no se produza a aceptación dos que os van substituír.

Artigo 10. A elección dos membros da Xunta Directiva pola correspondente asemblea, será polo procedemento de listas abertas.

Artigo 11. A Xunta Directiva elixirá de entre os seus membros os cargos correspondentes.

Artigo 12. As vacantes producidas pola renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, ou polo incumprimento das obrigas inherentes ao seu cargo, poderán cubrirse provisionalmente por membros que designen a Xunta Directiva ata que se celebre a primeira reunión da Asemblea Xeral.



Artigo 13. A Xunta Directiva reunirse todos os meses do curso escolar e ademais sempre que sexa convocada polo seu Presidente. Tamén deberá reunirse, a petición dun terzo da totalidade dos seus compoñentes.

Quedarán validamente constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e, para que os acordos sexan válidos, deberán ser tomados pola maioría dos votos correspondentes aos presentes.

En caso de empate, o voto do Presidente será de calidade para deixar sen efecto o empate.

Artigo 14. As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral, a tódolos actos propios das finalidades da Asociación, sempre que non requira segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.

Son facultades particulares da Xunta Directiva:

- a) Programar e dirixir as actividades asociativas e levar a xestión administrativa e económica, acordando a realización dos oportunos actos e contratos .
- b) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- c) Formular e someter á aprobación da asemblea xeral os balances, contas e programa anual de actividades.
- d) Resolver as solicitudes de ingreso de socios, de ser necesario.
- e) Nomear delegados para algunha determinada actividade da Asociación.
- f) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea e sexa conforme á Lei.

Artigo 15. O presidente terá as seguintes atribucións:

- a) Representar legalmente á asociación perante calquera organismo público ou privado.
- b) Convocar e presidir as sesións que celebre a xunta directiva e a asemblea xeral, dirixir as deliberacións dunha e outra.
- c) Ordenar os pagamentos e asinar xunto co Administrador – Tesoureiro os libramentos, cheques...
- d) Recibir en representación da Asociación calquera cantidade procedente de subvencións de Entidades Públicas e/ou privadas.
- e) Autorizar coa súa sinatura os documentos, actos e correspondencia da Asociación.
- f) Adoptar calquera medida urxente que se aconselle para o bo funcionamento da Asociación, ou no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.
- g) Asumirá, tamén, en todo caso, tódalas facultades que a Lei establece.

Artigo 16. O Vicepresidente será o encargado de substituír ao Presidente en ausencia deste, motivada por enfermidade ou calquera outra causa, e terá as mesmas atribucións ca este.

O Presidente poderá delegar neste as súas competencias para a atención ou xestión de asuntos determinados ou un conxunto dos mesmos, previa conformidade da Xunta Directiva.



Artigo 17. O Secretario terá ao seu cargo a dirección dos traballos meramente administrativos da Asociación:

- a) Expedir certificacións .
- b) Custodiar os libros da Asociación legalmente establecidos, o arquivo de socios e a documentación da Entidade.
- c) Cursar as comunicacións sobre designacións de Xuntas Directivas e demais acordos sociais rexistrable nos correspondentes rexistros.
- d) Presentación das contas anuais e do programa de actividades.
- e) Cumprir coas demais obrigas documentais nos termos que legalmente correspondan.
- f) Velar pola conservación dos locais sociais.
- g) Gardar o selo da Asociación.

Artigo 18. O Administrador-Tesoureiro será encargado de:

- a) Recadar e conservar os fondos e bens da Asociación.
- b) Levar o Libro de Caixa e asinará os libramentos xunto co Presidente.
- c) Elaborar o anteproxecto de orzamento que a Xunta Directiva debe presentar ante a Asemblea Xeral.
- d) Elaborar as contas anuais para a súa aprobación pola Asemblea Xeral.

Artigo 19. Os vogais terán as obrigas propias do seu cargo como membro da Xunta Directiva e poderán recibir por acordo desta, a presidencia ou coordinación de grupos de traballo así como a execución de encargos, comisións, representación e outras tarefas que pola Xunta Directiva lle fosen encomendadas.

Artigo 20. As vacantes que se poidan producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva serán cubertas provisionalmente entre os propios membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral.



CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 21. A asemblea xeral é o órgano supremo e soberano da Asociación e está integrada por tódolos socios.

Artigo 22. As reunións da Asemblea Xeral poden ser ordinarias ou extraordinarias.

A reunión ordinaria celebrarase obrigatoriamente unha vez o ano, dentro dos catro meses seguintes ao peche do exercicio económico e nela proporase a aprobación das contas e orzamentos e programa xeral da actuación social.

Na Asemblea Xeral tamén se procederá á elección de membros da Xunta Directiva cando corresponda por imperativo estatutario.

As reunións extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo do Presidente, cantas veces o acorde a xunta directiva ou cando o soliciten formalmente por escrito un terzo dos asociados.

Artigo 23. As convocatorias das Asembleas Xerais realizaranse por escrito sinalando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día con expresión concreta dos asuntos a tratar.

Entre a publicación ou notificación da convocatoria e a data da celebración da asemblea, en primeira convocatoria, debe mediar como mínimo un prazo de sete días, podendo así mesmo facer constar a data e hora na que se reunirá a Asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior a media hora.

Artigo 24. As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas, na primeira convocatoria, cando asistan a maioría dos socios ou, en segunda convocatoria, con calquera número de socios presentes.

Os acordos serán tomados por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables aos efectos os votos en branco nin as abstencións.

Artigo 25. Será preciso o voto favorable dos dous terzos dos asociados presentes na Asemblea para adoptar as seguintes decisións:

- a) Disposición e cesión de Bens.
- b) Solicitude de Declaración de Utilidade Pública da Asociación.
- c) Integración de Federacións.
- d) Modificación dos Estatutos.
- e) Disolución da Asociación.



CAPÍTULO IV DOS SOCIOS

Artigo 26. Poderán ser membros da Asociación tódolos pais ou titores maiores de idade, dos alumnos que cursen estudos no CPI As Revoltas de Cabana de Bergantiños.

Artigo 27. Serán dereitos dos asociados:

- a) Ser electores e elixibles para os cargos dos órganos de goberno.
- b) Participar nas reunións da Asociación con voz e voto.
- c) Participar en tódalas actividades da asociación e usar os servizos que poidan establecerse en beneficio dos socios.
- d) Dirixir peticións e propor iniciativas aos Órganos de Goberno da Asociación.
- e) Recibir da Xunta Directiva toda a información que precisen acerca da xestión asociativa.
- f) Asistir a tódalas reunións e actos convocados pola Xunta Directiva.
- g) Colaborar activamente no cumprimento dos fins da Asociación e na execución e eficacia dos mesmos.

Artigo 28. Serán deberes dos socios:

- a) Observar e cumprir os Estatutos da Asociación e os acordos da Asemblea.
- b) Contribuír economicamente no sustento da Asociación na forma e modo que se estableza na Asemblea Xeral.

Artigo 29. Causas de baixa da Asociación:

- a) Por petición do interesado.
- b) Por baixa dos fillos matriculados no Centro.
- c) Por falta de pagamento das cotas, previo aviso da Xunta Directiva.
- d) Por incumprimento dos Estatutos.
- e) Por uso indebido da Asociación, con fins alleos aos específicos da mesma.

Para excluír a calquera socio polas causas dos apartados d) ou e) do artigo 29, deberá abrirse un expediente pola Xunta Directiva no que se sinalará detalladamente os feitos que orixinan a expulsión.

Así mesmo deberase oír ao interesado que poderá presentar as alegacións que considere oportunas nas súa defensa, que se unirán ao expediente que será estudado pola Xunta Directiva que propondrá a decisión que considere oportuna.

Se se optase pola expulsión, esta será comunicada na seguinte Asemblea Xeral que tras oír á Xunta Directiva e ao socio, se así o solicitase, tomará una decisión que será inapelable.



Artigo 30. Os recursos económicos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- a) As cotas dos socios periódicas ou extraordinarias que serán determinadas pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva.
- b) As subvencións, legados, herdanzas ou doazóns que puidera recibir de forma legal e que sexan aceptadas tanto procedentes de persoas físicas como xurídicas.
- c) Calquera outro recurso de procedencia lícita.

Artigo 31. A Asociación carece de patrimonio fundacional. O patrimonio social que se vaia constituíndo estará composto por tódolos bens que se adquiran para a realización dos fins sociais. A súa administración corresponde á Xunta Directiva.

Artigo 32. O exercicio asociativo e económico coincidirá co inicio e fin do curso escolar que fixe a Administración Educativa para cada ano académico.

CAPÍTULO V

DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN.

Artigo 33. Esta Asociación disolverase voluntariamente cando así o acorde a Asemblea Xeral convocada ao efecto e por acorda dunha maioría dos dous terzos dos asociados.

Artigo 34. No caso de disolución nomearase unha comisión liquidadora, que unha vez extinguidas as débedas e no caso de existir sobranza liquidez destinarase a aquelas entidades sen ánimo de lucro dedicadas á realización de fins educativos cun espírito similar ao desta asociación e que se acordará na Asemblea Xeral na que se acorde a liquidación.



DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos aplicarase a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, así como a Lei Orgánica 8/1985 reguladora do Dereito á Educación do 3 de xullo de 1985 e demais disposicións específicas de aplicación da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Dereito Estatal Supletorio en ausencia do autonómico e segundo dispón a Constitución Española.

Dilixencia:

Cristina Ameijenda Espasandín, titular da Presidencia, e Silvia María Moscoso Varela, titular da Secretaría da ANPA A Riveira, fan constar que os presentes estatutos están redactados coa inclusión das modificacións acordadas na asemblea xeral celebrada en data 7 de outubro de 2.022, de acordo cos requisitos establecidos na LO 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e seguindo o procedemento previsto nos seus estatutos.

En Cabana de Bergantiños, a 7 de outubro de 2.022.

Cristina Ameijenda Espasandín

Silvia María Moscoso Varela

